

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020



CENTRO: CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN
CURSO: 6º ED. PRIMARIA
DATA: 10 MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Lingua castelá e literatura.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.8. Comprender textos orais segundo a súa tipoloxía: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).	LCB1.8.1. Sigue instrucións dadas para levar a cabo actividades diversas.
B3.1. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas coidando a caligrafía, orde e presentación.	LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas, solicitudes...
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.1. Identifica todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras ou oracións.
B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	LCB4.5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais como apoio e reforzo da aprendizaxe.
B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais.	LCB5.4.1. Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Lingua galega e literatura.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo).

realizar inferencias determinando intención e dúbidos sentidos.	LGB2.1.5. Identifica a estrutura dun texto e reconece algúns mecanismos de cohesión.
B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto.	LGB2.5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto.
B3.2. Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación	LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) adaptando a linguaxe ás características de cada xénero. LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e cohesivos, usando o rexistro adecuado.
B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	LGB3.7.1. Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte.
B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.1. Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas, e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Ciencia sociais.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2.Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais.	CSB1.2.1.Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.
B2.2.Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores que o determinan.	CSB2.2.1.Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan

B2.3. Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que a compoñen e as características dos principais paisaxes de España e de Europa.	CSB2.3.1. Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características dos principais paisaxes de España e de Europa valorando a súa diversidade.
B2.4. Identificar as principais unidades de relevo de Europa, os seus climas e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	CSB2.4.2. Recoñece as principais características do relevo, os ríos e o clima de Europa.
B4.1. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.	CSB4.1.1. Define o concepto de prehistoria, identifica a idea de idade da historia e data as idades da historia, asociadas aos feitos que marcan os inicios e finais nomeando algunhas fontes da historia representativas de cada unha delas.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles - **Ciencias da natureza.**

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.
B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.	CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.
B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde.	CNB2.3.1. Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo. CNB2.3.2. Coñece e explica os principios das dietas equilibradas,

	identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde.
B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.
B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.	CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Matemáticas

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.5. Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.	MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.
B2.6. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado	MTB2.6.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número. MTB2.6.3. Realiza operacións con números decimais. MTB2.6.4. Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.
B2.9. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e	MTB2.9.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios),

reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.
B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.	MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.
B3.2. Operar con diferentes medidas	MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán. MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Lingua estranxeira: Inglés

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.	Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.
Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.	Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción condúzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).
Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.	Escrebe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e

	fai preguntas relativas a estes temas.
Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).
Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.	Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Relixión católica.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
BL 1.1 Avaliar circunstancias que manifestan a imposibilidades da natureza humana para alcanzar a plenitude.	1.1 Identifica e xulga situacións nas que recoñece a imposibilidade de ser feliz.
BL 1.4 Recoñecer que a relación con Deus fai á persoa máis humana.	4.1 Investiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi motor de cambio para os dereitos humanos, á convivencia, o progreso e a paz.
BL 2.1 Descubrir e apreciar a riqueza dos textos sapienciais na historia.	1.1 Identifica e valora expresións recollidas nos libros sapienciais que enriquecen e melloran á persoa.
BL 3.1 Distinguir que a través de Xesús atopamos a Deus.	1.1 Busca nos discursos do evanxeo de Xoán frases que expresan a relación de Xesús co Pai e esforzase por comprender o seu significado.
BL 1.1 Avaliar circunstancias que manifestan a imposibilidades da natureza humana para alcanzar a plenitude.	1.1 Identifica e xulga situacións nas que recoñece a imposibilidade de ser feliz.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Valores sociais e cívicos.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.	VSCB1.4.1.Propón alternativas á resolución de problemas sociais.
B2.6. Analizar criticamente as consecuencias dos prexuízos sociais, reflexionando sobre os problemas que provocan e o seu efecto nas persoas que os sofren.	VSCB2.6.1.Analiza os problemas que orixinan os prexuízos sociais.
B3.14.Valorar o uso responsable das fontes de enerxía no planeta concienciándose do respecto ao contorno e desenvolvendo a capacidade crítica cara aos acontecementos que o modifican.	VSCB3.14.1. Toma conciencia da limitación dos recursos enerxéticos e explica as consecuencias do esgotamento das fontes de enerxía.
B3.16. Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros.	VSCB3.16.1. Realiza un uso ético das novas tecnoloxías.
B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.	VSCB1.4.1.Propón alternativas á resolución de problemas sociais.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Educación musical.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo responsabilidade na interpretación...	EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.
	EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos

	musicais.
B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.	EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.
B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo responsabilidade na interpretación...	EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Educación plástica.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas...	EPB2.1.9. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas.
B2.4. Utilizar as TIC para busca e tratamento de imaxes, como ferramentas para deseñar documentos.	EPB2.4.1. Utiliza as TIC como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.
B2.5. Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa...	EPB2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada, e limpa dos exercicios e das actividades.
B3.1. Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea o alumnado, en relación cos conceptos xeométricos recollidos na área de matemáticas coa súa aplicación gráfica.	EPB3.1.9. Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utilizando unha cuadrícula propia facilitada cos instrumentos propios do debuxo técnico.
B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas...	EPB2.1.9. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles- Educación física.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz
	EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo	EFB5.1.1. Interésase por mellorar as capacidades físicas.
	EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.).

Competencias clave:

- **CCL:** Coñecer o vocabulario básico e específico de cada área, expresar de forma oral e escrita as súas emocións e ter unha actitude de diálogo crítico e construtivo.
- **CMCT:** Coñecer os números e as medidas básicas aplicadas nas distintas áreas, resolver e realizar problemas matemáticos con operacións.
- **CD:** Usar os recursos tecnolóxicos para a comunicación e resolución de problemas.
- **CAA:** Sentirse protagonistas do proceso e resultado da súa aprendizaxe.
- **CSC:** Aplicar os valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade) e respectar e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
- **CSIEE:** Manifestar certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
- **CCEC:** Valorar, identificar e utilizar manifestacións culturais propias de Galicia e outras culturas. Crear e reproducir obras propias con elementos artísticos e culturais.

Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Seguindo a orde do 9 de xuño de 2016 no artigo 2 a avaliación caracterízase por ser un proceso continuo e global. Por tanto, terase en conta os resultados obtidos na primeira avaliación, os obtidos na segunda, facendo especial fincapé na evolución do alumnado. Centrase tamén no esforzo, interese e participación das tarefas propostas para o terceiro trimestre.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>3º Trimestre: os instrumentos de avaliación son o papel activo do alumnado e a revisión de tarefas.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación obtérase do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none">• Alumnado do que non se ten seguimento: mesma nota que na segunda avaliación.• Alumnado do que se ten seguimento: partírase da nota da segunda avaliación e se o alumnado cumpre co marcado nos instrumentos de avaliación pode subirse a nota.

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Na terceira avaliación as actividades son de repaso, reforzo, recuperación e ampliación, por iso semanalmente o alumnado ten acceso a actividades sobre esta materia.</p> <p>As actividades teñen o seguinte deseño:</p> <p>LINGUA CASTELÁ E GALEGA:</p> <ul style="list-style-type: none">- de comprensión- de completar-de creación de textos, noticias, receitas, poemas...- de análise morfolóxica-de vocabulario <p>MATEMÁTICAS:</p> <ul style="list-style-type: none">- de resolución de problemas e creación a partir de operacións dadas.- de realización de operacións (con números naturais, decimais e fraccionarios)- operacións coas distintas medidas.- porcentaxes, potencias e operacións combinadas.
--------------------	---

	<p>CIENCIAS NATURAIS E CIENCIAS SOCIAIS:</p> <ul style="list-style-type: none"> - de recoñecer, completar e desenvolver - de resumir e esquematizar - de reforzar e memorizar - pequenos traballos de investigación como medio de superación para aqueles alumnos con avaliacións suspensas. <p>VALORES SOCIAIS E CÍVICOS</p> <ul style="list-style-type: none"> - de reflexión e expresión plástica e escrita. <p>RELIXIÓN: actividades de completar, colorear, encrucillados, cuestionarios, memorizar, sopa de letras, pasa palabras, formar frases, identificar personaxes....</p> <p>INGLES: actividades de comprensión lectora : actividades de elección múltiple, elixir a opción correcta entre varias, actividades para cubrir despois coa información requirida.</p> <p>Actividades comprensión oral: actividades de escoita activa para cubrir despois coa información requirida, actividades de escoita para responder verdadeiro ou falso ou elixir a opción correcta.</p> <p>Actividades de produción escrita: Actividades de visionado de vídeos para completar frases coa información requirida, actividades de ordenar as palabras na frase, conectar o principio dunha frase co resto que lle corresponde, sopa de letras, pictogramas, encrucillados, atopar diferenzas e escribilas, contestar con resposta curta, debuxar e dicir o que se está a facer no debuxo, mirar uns debuxos e responder a preguntas sobre estes.</p> <p>EDUCACIÓN PLÁSTICA: actividades que combinan diferentes técnicas de creación, xunto con actividades de busca de información sobre artistas/obras do contexto propio e alleo.</p> <p>EDUCACIÓN ARTÍSTICA: actividades de interpretación (vocais, instrumentais ou corporais), actividades de creativas ou de investigación, audicións e fichas de contido traballado en clase ou de ampliación (claves, instrumentos, figuras, compositores, etc.).</p> <p>EDUCACIÓN FÍSICA: actividades motrices e de reflexión.</p>
Metodoloxía	<p>Dado que o alumnado deste nivel ten conectividade á internet, desenvolverán as actividades propostas, algunhas delas acompañadas de explicacións aclaratorias sobre a materia dada, reforzando mediante a visualización de vídeos, esquemas e audios.</p> <p>No caso de alumnado con dificultades de aprendizaxe, realizarase un traballo máis personalizado na procura da superación da materia.</p> <p>Inglés: algunhas das actividades son introducidas cunha breve explicación co fin de repasar contidos.</p>

	<p>Educación Plástica: produción de obras artísticas propoñendo diversas técnicas (debuxo, escultura e outras) partindo da busca de información ou de proporcionar imaxes/conceptos/ideas para as novas creacións.</p> <p>Educación Musical: utilizaremos fundamentalmente actividades prácticas (lúdicas e participativas para compartir en familia) con videotutoriais explicativos. Nos cursos superiores damos dúas opcións: con instrumento (fruta ou calquera outro dispoñible) ou sen instrumento. Trátase de equilibrar as situacións familiares tan diversas que estamos a vivir. O obxectivo final principal é a produción de obras artísticas, ou repaso de conceptos básicos.</p> <p>Educación Física: empregaremos vídeos nos que se mostren os exercicios a realizar, engadindo explicacións por escrito para aclarar as tarefas.</p>
Materiais e recursos	<p>Didácticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Materiais curriculares de elaboración propia e das editoriais. - Plataformas das editoriais dos libros de texto. - Vídeos explicativos e cancións de Youtube, Vimeo... - Actividades online de páxinas educativas como Jueduland ou Liveworksheets, e Google como ferramenta de investigación. - Formularios online. - Partituras, videos e audicións de elaboración propia (utilizando MuseScore, Youtube e Soundcloud). <p>Organizativos: A organización basease nun repaso exhaustivo de todo o traballado, coa finalidade de asentarse ben as bases, baixo das directrices da CCP.</p> <p>Persoais: Coordinación do equipo. Así como, recursos externos como é o asesoramento do CFR.</p>

Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>O alumnado está informado a través das seguintes canles:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Páxina web do centro e nela aula virtual de descarga. - Correo electrónico das mestras/mestre. -Abalar- Mensaxeira e informacións. -Teléfono persoal e WhatsApp.
Publicidade	<p>Publicación na páxina web do colexio e información ás familias da súa publicación a través do e mail e do abalarMóbil.</p>